

Xente lareta

Asubío, Fina e Petra quixo ser no intre en que a com-puxo Xosé Vázquez Pintor unha tentativa de rexenerar o teatro galego, levándoo ás escolas, lugares sempre gobernados pola narrativa e a lírica, para que os nenos puidesen achegarse ao xénero menos favorecido. Isto mesmo pensou un grupo de mestres da zona do Morrazo, entre os que se incluía o autor, e que daquela traballou esta obra nas escolas do Hío, Aldán, Coiro, Darbo, Cangas, Bueu ou Moaña, facendo así que os escolares coñecesen o obxectivo das obras dramáticas e as grandes posibilidades que ofrecía en canto a divertimento e aproveitamento dun libro que pouco a pouco poderían coñecer e sentir coma algo seu.

Así foi coñecida por primeira vez esta peza que agora corrixida e adaptada, aínda que as variacións son mínimas, presenta de novo unha horta no medio da cidade onde os seus habitantes, entre os que se atopan mazás ou merlos animados, observan como avanza o malchamado progreso e como ameaza con destruír a hortaxardín, chea de luz e de cores, da casa na que viven os protagonistas, tal e como acontece decote e todos os espazos rurais que aínda re-

Unha peza con vixencia



PAULA FERNÁNDEZ



sisten nas grandes cidades.

Por isto a peza preséntase cargada de simboloxía e grazas ao emprego conxunto de símbolos e prosopopeas os habitantes do lugar representan a oposición ás premisas capitalistas baseadas no consumo desorbitado e na especulación e que fan aos homes esquecer e ignorar a natureza, o lugar onde viven, os seus habitantes e a vida que a primeira proporciona.

Desta maneira, ao tempo que os lectores que se acheguen a estas páxinas poderán gozar dunha lectura agradable que activará de seguro a súa conciencia crítica, os mestres tamén observarán nela un instrumento proveitable para as aulas, para fomentar hábitos lectores, promover estratexias de interpretación ou comentar contidos transversais tales coma a conservación do medio ou o urbanismo esaxerado. Contidos estes últimos que amosan como, malia o tempo transcorrido, a peza non perdeu a vixencia da orixe e se cadra convértese nun discurso aínda máis necesario na actualidade.

VÁZQUEZ PINTOR, Xosé,
Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta (ilustr. Andrés Meixide),
Everest Galicia, A Coruña, 2006,
72 páxinas